

TITORÍA DE ALUMNADO CON MATERIAS PENDENTES

A través da presente notificación ponse no seu coñecemento a existencia da **titoría de alumnado con materias pendentes** de cursos precedentes que, durante este ano académico 2015-2016, será asumida pola profesora Mónica Mato Bustelo, quen se encargará de orientar a este alumnado e de facer o seu seguimento ó longo do curso.

Existe tamén unha hora de atención a pais na que se poden resolver dúbidas ou interesarse pola evolución do alumnado con materias pendentes. Esta hora, correspondente a esta titora será os **xoves de 11h40 a 12h30**. Prégase que avisen con antelación.

Durante este curso haberá **clases de reforzo** polas tardes das materias: *Matemáticas, Lingua Castelá e Inglés*, que aparecen no **horario adxunto**. Os profesores encargados de impartir estas clases de reforzo aportarán ó alumnado que asista, exercicios prácticos e orientacións para a recuperación da materia pendente.

Estas clases de reforzo non teñen carácter obrigatorio, xa que se desenvolven fóra do horario lectivo, pero si se insiste a todo o alumnado que poida asistir, na importancia da atención e da disposición para o traballo, para que ditas clases sexan realmente aproveitables.

O alumnado que teña algunha dificultade para poder asistir a estas sesións das tardes deberá poñerse en contacto cos profesores respectivos ou ca titora de pendentes

Para o resto das materias, que non contan con estas clases de reforzo, a información sobre o sistema de recuperación seralles comunicada ós alumnos/as polos profesores correspondentes encargados de cada materia no curso no que se atopan actualmente.

Segundo a normativa vixente o profesor que imparte clase no curso no que actualmente esté matriculado o alumno será o encargado da recuperación e da avaliación da materia pendente correspondente a cursos precedentes.

Ex: Un alumno de 2º de E.S.O. que teña pendente *Lingua Galega* de 1º de E.S.O. será atendido e avaliado polo profesor que imparte a mesma materia en 2º de E.S.O.

Así, os profesores correspondentes ó curso no que estén matriculados na actualidade, aportarán e avaliarán as tarefas de reforzo relativas á materia pendente.

Ademáis na maioría dos departamentos o alumnado que vaia entregando regularmente as tarefas propostas terá a posibilidade de examinarse da materia dividida en parciais (2 ou 3).

No caso de que o/a alumno/a esté matriculado nun curso no que xa non teña clase da materia pendente, deberá poñerse en contacto co/a Xefe/a do departamento correspondente ou ca titora de pendentes.

O alumnado que non traballe regularmente seguindo os procedementos establecidos por cada departamento, terá que presentarse ó exame final de toda a materia, fixado polo centro no mes de maio.

E, no caso de non superar nesa convocatoria a materia pendente, terá que acudir á convocatoria do mes de setembro.

Silleda

Asinado: M^a Mónica Mato Bustelo

.....
Prégase devolver á titora de pendentes, asinado polo pai, nai ou titor legal.

Don/Dona (pai/nai /titor do
alumno/a) Grupo
Recibín o comunicado con data

Asinado: